

ct

Supernormais

Freak show pervertido

de

Esther F. Carrodegua

(fragmento en galego)

escrito na I Residencia Dramática do Centro Dramático Nacional

CARNE ASISTIDA

CARMELA

Ti-ti-ti-ti-ti-ti-ti

Ti tiñas que ser Asistente Sexual!

Ti:

Non podías facer outra cousa, non?

E por que/

Por que non mo dixeches antes?

Eh?

Di

Contesta

Silencio

Non contestas porque é que non sabes nin que cona dicir!

MARÍA

Non me veñas con discursiños, Carmela

A ti non che parece que é unha cousa moi bonita?

Pausa

A min paréceme preciosa

CARMELA

Preciosa se fai outra

Pero ti

O que ti me queres dicir que-que-que-que-que/

É que non podo nin dicilo porque é que é moi politicamente incorrecto

E xa me dou conta de que estamos nun teatro

E que esta frase non lle vai a gustar á xente!

Pero de verdade

De verdade me queres dicir que esas mans coas que me tocas o cona

Despois van tocar a cona de-de-de-de

MARÍA

De que?

CARMELA

Do que sexa!

MARÍA

Es a hostia

CARMELA
E ti unha puta!

MARÍA
Non son unha puta!

CAMELA
Unha puta “especial”!

MARÍA
Non digas iso
Isto non é nin especial nin nada
Por que o tes que tratar como algo especial?
Ese é o problema, entendes?
Esa é a infantilización
Ese é o maldito pensamento que NON
Isto non é nada especial
É algo normal
Supernormal
O sexo é algo normal
As persoas necesitan sexo
E se non poden nin chegarlle coas propias mans á pirola
Porque é que hai xente que non chega coas mans até a cona, Carmela!
Xente que non ten mans, Carmela
Xente que non ten mans e TI
TI estás preocupada por parvadas!

CARMELA
Parécenche parvadas!
Hai que foderse!
Parécenche parvadas!
Ser unha puta de tolleitos pareceche unha parvada!

MARÍA
Poderías deixar de dicir cousas politicamente incorrectas que che están a facer quedar FATAL diante de toda esta xente?

CARMELA
Ah!
Agora impórtache a xente!
Agora resulta que che importa a xente!
Non che importa unha merda a túa noiva pero impórtache a xente!

MARÍA
Non es a miña noiva!
Só nos deitamos dende hai un mes!

CARMELA

Pero iamós ser noivas se seguíamos así
Sábelo perfectamente!

MARÍA

Pero como vou ser noiva de alguén que chama tolleitos ás persoas con Diversidade Funcional
Por favor!

CARMELA

Quero que saibas que se non andases a foder con-con-con-con-con
Eu nunca-nunca-nunca-nunca-nunca tería pronunciado esas palabras

MARÍA

Xa...

CARMELA

Porque eu son Supercorrecta politicamente nestes temas
Noutros igual non
Pero nestes si!
E sempre uso expresións delicadas coas Persoas con Discapacidade
[Ou como se chamen agora]
Para min son persoas Supernormais
Xúrocho
Sempre que ti non fodas nelas

MARÍA

Non fodo nelas!
Axúdolles a masturbarse!
Fágolles caricias!
Ensínolles o seu propio corpo!
E ás veces
Só ás veces
Só moi de tanto en tanto
Pode suceder
Que foda nelas

CARMELA

E cando fodes nelas?

MARÍA

Pois non o sei, Carmela
Cando xorde
Cando hai algo
Cando o necesitan
Cando me parece
E cando me sae da cona
Porque eu sempre fago o que me sae de cona

E iso é o que máis che gusta de min, non?

CARMELA

Si

MARÍA

Pois por iso deberías aceptar que me deite con quen queira

CARMELA

E acéptoo

Porque non somos noivas, aínda

MARÍA

E non faláramos xamais de selo

Nunca faláramos disto

Eu pensaba que podía deitarme con quen quixese!

CARMELA

Si que podes

MARÍA

E entón cal é o problema?

CARMELA

Pois non o sei

Porque xa non estou a ver ningún problema

Porque resulta que agora me estou a decatar de que é o teu corpo

E que me gustaría poder respectar tranquilamente o que queiras facer con el

E realmente

Teoricamente

E en principio

A min non tería por que facerme mal ningún que ti te acariñes con quen queiras

Ou que lle fagas unha Asistencia ou como se chame

MARÍA

Chámase Asistencia, si

CARMELA

E que ademais ti non me preguntaches nunca con quen me deitei eu